



A Sociedade da Información e os/as autónomos/as de Galicia

Edición 2021



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA



Xacobeo 21-22



Edita: Xunta de Galicia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

Lugar: Santiago de Compostela

Ano: 2022



Este documento distribúese baixo licencia Creative Commons Atribución. Compartir baixo a licencia 4.0 Internacional (CC BY-SA 4.0)

Dispoñible en: <https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.gl>



Índice de Contidos

1.	Introdución	Páx. 4
2.	Metodoloxía	Páx. 6
3.	Caracterización dos/as autónomos/as galegos/as	Páx. 8
4.	O Uso das TIC e comercio electrónico na actividade dos/das autónomos/as	Páx. 12
	4.1. Equipamento e conectividade	Páx. 13
	4.2. Talento Dixital: especialistas e perfís TIC	Páx. 17
	4.3. Dixitalización da organización e xestión das entidades	Páx. 19
	4.4. Tecnoloxías disruptivas	Páx. 27
	4.5. Ciberseguridade	Páx. 34
5.	Conclusións	Páx. 35



1. Introducción

1. Introducción

Estudo elaborado polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

O informe analiza comparativamente o uso e avance das tecnoloxías por parte dos autónomos/as galegos/as respecto do resto de formas societarias e do conxunto das microempresas. Os obxectivos do informe son os seguintes:



AVALIAR

Avaliar e servir de elemento para a definición de iniciativas e actuacións focalizadas nos autónomos/as galegos/as respecto ao seu nivel de dixitalización



CARACTERIZAR

Caracterización dos autónomos/as galegos: actividade, provincia onde desenvolven a súa actividade, sexo do traballador/a...



ANALIZAR

Analizar polo miúdo información cuantitativa dos autónomos/as galegos relacionada coas seguintes cuestións:

- Contratación a Internet
- Optimización da xestión empresarial a través das TIC
- Cloud Computing
- Web e presenza nas redes sociais
- Comercio electrónico
- Interacción coas AA.PP. a través de Internet
- Big Data e formación TIC
- IoT, Impresión 3D e Robótica





2. Metodoloxía

2. Metodoloxía



Maior eficiencia e coordinación da actividade estatística

A fonte de información empregada para realizar a **caracterización** dos autónomos/as galegos/as é o Ministerio de Emprego e Seguridade Social. Son datos estatísticos referidos ao ano 2021.

A información relativa ao **equipamento e uso das tecnoloxías** no tecido empresarial galego procede da Enquisa sobre uso das TIC e o comercio electrónico nas empresas do Instituto Nacional de Estatística (INE) facilitada a través do Instituto Galego de Estatística (IGE) en virtude do marco do convenio de colaboración asinado entre a Amtega e o IGE. A enquisa foi realizada en 2021 polo INE seguindo unha metodoloxía harmonizada cos organismos estatísticos oficiais da Unión Europea.



Datos complementarios aos publicados polo INE

O convenio de colaboración entre a Amtega, o IGE e o INE tamén permite obter unha unha ampliación dos datos, especialmente no que se refire a:

- Datos relativos ás microempresas galegas
- Comercio Electrónico nas empresas galegas
- Datos de empresas con sede fóra de Galicia pero que desenvolven parte da súa actividade na Comunidade galega






3. Caracterización dos/as autónomos/as galegos/as

3. CARACTERIZACIÓN DOS AUTÓNOMOS/AS GALEGOS/AS

O Ministerio de Emprego e Seguridade Social indica que no ano 2021 hai rexistradas 133.789 persoas como traballadores/as autónomos/as en Galicia, que non están integrados en sociedades mercantís, cooperativas ou outras entidades societarias: tampouco son colaboradores familiares nin están rexistrados como parte dalgún colectivo especial de traballadores/as.




Fonte: Ministerio de Emprego e Seguridade Social. Afiliados a 31 de Decembro do 2021



No 2021 rexistráronse en Galicia 133.789 autónomos/as que representan o 6,6% do total de autónomos/as de España.

A cifra de traballadores/as autónomos/as en Galicia incrementouse levemente no último año rompendo a tendencia descendente dos últimos anos.



Fonte: Ministerio de Emprego e Seguridade Social. Afiliados a 31 de Decembro do 2021




3. CARACTERIZACIÓN DOS AUTÓNOMOS/AS GALEGOS/AS

A distribución por xénero dos/as traballadores/as autónomos/as é sensiblemente diferente en Galicia respecto ao nivel estatal, cunha presenza moito maior da muller galega neste colectivo. A fenda entre autónomos e autónomas en Galicia é de 16,4 puntos porcentuais mentres que a nivel estatal é case o dobre (27,8 puntos).

Respecto á idade dos autónomos/as, tanto en Galicia como no total de España, a porcentaxe máis elevada de autónomos/as concéntrase no tramo de idade de 40 a 54 anos, superando o 45%.


AUTÓNOMOS/AS SEGUNDO SEXO
COMPARATIVA GALICIA-ESPAÑA



Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social. Afiliados a 31 de Decembro do 2021



AUTÓNOMOS/AS SEGUNDO IDADE
COMPARATIVA GALICIA-ESPAÑA



Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social. Afiliados a 31 de Decembro do 2021




3. CARACTERIZACIÓN DOS AUTÓNOMOS/AS GALEGOS/AS

No 2021, o sector servizos volve a ocupar o primeiro posto no referente a proporción de traballadores/as autónomos/as tanto en Galicia como en España.

Na Comunidade Galega, o peso da agricultura ponse de manifesto cun 19,2% de traballadores/as autónomos/as, son 8,3 puntos máis que no promedio do Estado.

AUTÓNOMOS/AS SEGUNDO SECTOR DE ACTIVIDADE
COMPARATIVA GALICIA-ESPAÑA



Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social. Afiliados a 31 de Decembro do 2021





4. O uso das TIC e Comercio Electrónico na actividade dos/das autónomos/as


4.1. EQUIPAMENTO E CONECTIVIDADE

4.1.1. EQUIPAMENTO

Máis do 82% dos/as autónomos/as galegos dispoñen de ordenador. Durante o ano 2021 incrementouse a dispoñibilidade deste equipamento cun crecemento do 9,3% respecto ao ano anterior. No período 2017-2021, o incremento rexistrado foi dun 30,2%.



**ENTIDADES QUE DISPOÑEN DE ORDENADOR
SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA**
Evolución GALICIA 2017-2021




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

4.1. EQUIPAMENTO E CONECTIVIDADE

4.1.1. EQUIPAMENTO

AUTÓNOMOS/AS QUE UTILIZAN DISPOSITIVOS PARA FINS EMPRESARIAIS

Evolución GALICIA 2017-2021



■ Uso de ordenadores con fins empresariais

■ Persoal que utiliza ordenadores conectados a Internet con fins empresariais

■ Empresas que proporcionan aos seus empregados/as un dispositivo portátil que permitía a conexión móbil a Internet para uso empresarial

Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

O uso dos ordenadores para fins empresariais entre os/as autónomos/as galegos/as creceu un 5,6% no 2021, ata acadar o 73,1%.


Os/as autónomos/as que usan ordenadores conectados a Internet con fins empresariais acadan o 68,7% (un 5% máis que no 2020).



4.1. EQUIPAMENTO E CONECTIVIDADE

4.1.2. CONECTIVIDADE

CONEXIÓN A INTERNET SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA
Evolución GALICIA 2017-2021



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

No ano 2021, a contratación da Internet acada o 79,7% entre os autónomos/as galegos/as, o que supón un crecemento do 11,3% respecto a 2020. Dende o ano 2017, o crecemento da contratación de Internet entre os/as autónomos/as aumentou nun 39,6% en Galicia.


4.1. EQUIPAMENTO E CONECTIVIDADE

4.1.2. CONECTIVIDADE

TIPO DE CONEXIÓN A INTERNET SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: empresas con conexión a Internet


* Base: empresas con conexión a internet e Banda larga fixa



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE


Máis da metade dos autónomos/as con banda larga fixa opta por redes de cable e fibra óptica.

O 56,5% dos autónomos/as con banda larga fixa conta cunha velocidade de conexión a Internet superior aos 100 Mbps.



VELOCIDADE DE CONEXIÓN A INTERNET SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: empresas con conexión a Internet e banda larga fixa




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

4.2. TALENTO DIXITAL: ESPECIALISTAS E PERFÍS TIC

EMPREGAN ESPECIALISTAS TIC SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: % sobre o total empresas




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE



No 2021, só o 0,5% dos/as autónomos/as de Galicia empregan especialistas TIC. Se ben, este comportamento é similar á media do conxunto das microempresas (0,6%)

EMPRESAS CON MULLERES ESPECIALISTAS TIC SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA


Base: % sobre o total empresas que empregan especialistas TIC



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

CONTRATARON OU INTENTARON CONTRATAR ESPECIALISTAS EN TIC SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: % sobre o total empresas




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

4.2. TALENTO DIXITAL: ESPECIALISTAS E PERFÍS TIC

ENTIDADES QUE PROPORCIONARON ACTIVIDADES FORMATIVAS TIC SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: % sobre o total empresas




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

O 4,7% dos/as autónomos/as de Galicia proporcionaron actividades formativas TIC a seus empregado/as. Esta formación TIC focalizouse especialmente ao persoal que non eran especialistas en TIC.



PERSOAL AO QUE PROPORCIONARON ACTIVIDADES FORMATIVAS TIC SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: % sobre o total empresas que proporcionaron actividades formativas



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE


4.3. DIXITALIZACIÓN DA ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DAS ENTIDADES

4.3.1. SERVIZOS WEB

DISPOÑIBILIDADE DE PÁXINA WEB SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Evolución GALICIA 2017-2021

Base: Empresas con conexión a Internet



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

No ano 2021, a dispoñibilidade de páxina web mantense estable entre os/as autónomos/as de Galicia (19,5%).



4.3. DIXITALIZACIÓN DA ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DAS ENTIDADES

4.3.1. SERVIZOS WEB

A presentación da empresa (75,9%) e a declaración de política de intimidade ou as certificacións relacionadas coa seguridade do sitio web (73,8%), continúan sendo os dous servizos con maior presenza nas web das persoas autónomas galegas.


Cabe salientar que os “vínculos e referencias aos perfís da empresa en medios sociais” crece máis dun 100% ata o 67,2% en 2021 e que “posibilidade de envío electrónico de follas de reclamacións” entre os autónomos/as galegos/as incrementouse nun 53,7%, acadando un 35,5%.

Os “Anuncios de ofertas de traballo ou recepción de solicitude de traballo online” é outro servizo que tivo un crecemento positivo no último ano pasando do 3,2% ao 18,7%.



SERVIZOS DISPOÑIBLES NA PÁXINA WEB SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: Empresas con conexión a Internet e Páxina Web




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

4.3. DIXITALIZACIÓN DA ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DAS ENTIDADES

4.3.2. TELETRABALLO

O TELETRABALLO SEGUNDO CONDICIÓX JURÍDICA

Base: % sobre o total empresas




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

No 2021, o 19,5% dos/as autónomos/as galegos/as permitiron a realización do teletraballo por parte dos seus traballadores/as. Destes, só o 11,6% fíxoos debido á situación provocada pola crise sanitaria derivada da Covid-19.



ENTIDADES QUE PERMITEN O TELETRABALLO UNICAMENTE DEBIDO Á SITUACIÓN DA COVID-19 SEGUNDO CONDICIÓX JURÍDICA

Base: % sobre o total empresas que permitiron o teletraballo a seus empregados/as




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

4.3. DIXITALIZACIÓN DA ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DAS ENTIDADES

4.3.3. SINATURA DIXITAL

EMPREGO DA SINATURA DIXITAL SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: Empresas con conexión a Internet



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE




O 50% dos/as autónomos/as galegos/as empregan a sinatura dixital.

A sinatura dixital é empregada maioritariamente para as comunicacións coas diferentes Administracións Públicas.

EMPREGO DA SINATURA DIXITAL SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: Empresas con conexión a Internet que utilizan a sinatura dixital



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE



4.3. DIXITALIZACIÓN DA ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DAS ENTIDADES


4.3.4. REDES SOCIAIS

O 40,3% dos/as autónomos/as galegos/as con conexión a Internet emprega as redes sociais. O uso das redes sociais incrementouse nun 23,2% dende a edición anterior do 2020. Entre este colectivo, a práctica totalidade (93,1%) opta por redes sociais tales como Facebook, LinkedIn, ...

REDES SOCIAIS SEGUNDO CONDICIÓX XURÍDICA

Evolución GALICIA 2017-2021

Base: Empresas con conexión a Internet




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

REDES SOCIAIS (Facebook, Likedin, etc.) SEGUNDO CONDICIÓX XURÍDICA

Evolución GALICIA 2017-2021

Base: Empresas con conexión a Internet que empregan redes sociais



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE




4.3. DIXITALIZACIÓN DA ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DAS ENTIDADES

4.3.4. REDES SOCIAIS

EMPREGO DOUTRAS REDES SOCIAIS SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: Empresas con conexión a Internet que empregan redes sociais



Outras redes sociais, como os websites onde se comparten contidos multimedia, son empregadas polo 47,1% dos/as autónomos/as galegos/as.

O uso do blogs de empresas ou microblogs está menos estendido neste colectivo.




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

4.3. DIXITALIZACIÓN DA ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DAS ENTIDADES

4.3.5. INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN POR MEDIOS ELECTRÓNICOS DENTRO DA EMPRESA

INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN POR MEDIOS ELECTRÓNICOS DENTRO DA ENTIDADE SEGUNDO CONDICIÓ XURÍDICA

Base: % sobre o total de empresas



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE




Máis do 11% dos/as autónomos/as galegos/as utilizan ferramentas para compartir información, xa sexa do tipo ERP (11,3%) ou CRM (11%).

Entre as empresas que empregan CRM, o seu uso principal é a captura, o almacenamento e distribución de información sobre clientes, superando o 90%.

TIPOLOXÍA DE CRM NAS ENTIDADES SEGUNDO CONDICIÓ XURÍDICA

Base: % sobre o total de empresas con conexión a Internet que usan CRM



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

4.3. DIXITALIZACIÓN DA ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DAS ENTIDADES

4.3.6. COMERCIO ELECTRÓNICO


No 2021, as vendas a través de Internet continúan medrando. O 8,8% dos autónomos/as galegos/as venderon a través da Rede, o que representa un incremento do 44,3% con respecto ao ano 2020.



VENDAS POR COMERCIO ELECTRÓNICO SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Evolución GALICIA 2017-2021

Base: % sobre o total empresas



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE


4.4. TECNOLOXÍAS DISRUPTIVAS

4.4.1. INTERNET DAS COUSAS

EMPRESAS QUE UTILIZARON DISPOSITIVOS INTERCONECTADOS QUE PODEN SER MONITORIZADOS OU CONTROLADOS A TRAVÉS DE INTERNET (IOT) SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Evolución GALICIA 2020-2021

Base: % sobre o total empresas




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

O 6,2% dos/as autónomos/as galegos/as empregan dispositivos interconectados que poden ser monitorizados ou controlados remotamente a través de Internet (o Internet das cousas), o que supón un 29,2% máis dende o ano anterior.

Entre os usos dos dispositivos IoT destaca a seguridade das instalacións (33,1%), o mantemento (12,3%) e outros fins (62,3%).

USOS DO IoT SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: Empresas que utilizan algún dispositivo IoT




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

4.4. TECNOLOXÍAS DISRUPTIVAS

4.4.2. INTELIXENCIA ARTIFICIAL

EMPRESAS EMPREGAN INTELIXENCIA ARTIFICIAL SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: % sobre o total de empresas




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

O 10,4% dos/as autónomos/as galegos/as empregan intelixencia artificial.

Entre as solucións de IA empregadas polos/as autónomos/as destacan as solucións de análise da linguaxe escrita (46,7%) e as solucións de IA de automatización de fluxos de traballo ou axuda na toma de decisións (38,2%).

SOLUCIÓNS DE LA SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: Empresas que utilizan tecnoloXías de Inteligencia Artificial





Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

4.4. TECNOLOXÍAS DISRUPTIVAS

4.4.2. INTELIXENCIA ARTIFICIAL

USOS DE IA SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: Empresas que utilizan tecnoloxías de Intelixencia Artificial




Os usos da IA céntranse, principalmente, na organización de procesos de administración de empresas e no marketing ou vendas.

Os autónomos/as que utilizan IA, habitualmente teñen contratados paquetes de IA que están listos para usar.

Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

TIPOLOXÍAS DE PAQUETES IA SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: Empresas que utilizan tecnoloxías de Intelixencia Artificial




■ TOTAL Microempresas ■ Sociedades ■ Autónomos

Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

4.4. TECNOLOXÍAS DISRUPTIVAS


4.4.2. INTELIXENCIA ARTIFICIAL



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE


A adquisición de IA por parte das entidades empresariais é aínda incipiente, o que se traduce no feito de que só 2% dos autónomos/as considerasen comprar algunha tecnoloxía de IA.

Os principais motivos para non utilizar esta tecnoloxía son a falta de coñecemento, os custos, ou a dispoñibilidade ou calidade dos datos.



MOTIVOS PARA NON UTILIZAR IA SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: Empresas que NON utilizan tecnoloxías de Intelixencia Artificial




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE


4.4. TECNOLOXÍAS DISRUPTIVAS

4.4.3. BIG DATA

ANÁLISE DE BIG DATA SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA
Evolución GALICIA 2020-2021
Base: % sobre o total de empresas




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE



No 2021, o 2,1% dos/as autónomos/as analizaron BIG DATA, sendo os *datos xerados por redes sociais* a principal fonte de datos de BIG DATA empregada.

FONTE DE DATOS DE BIG DATA SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA
Base: Empresas que realizaron análisis de Big Data



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

4.4. TECNOLOXÍAS DISRUPTIVAS

4.4.3. CLOUD COMPUTING


Respecto dos servizos de Cloud Computing, o 11,7% de autónomos/as comprou este tipo de servizos no ano 2021, aumentando nun 58,1% respecto á edición anterior.



COMPRARON SERVICIOS DE CLOUD COMPUTING SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Evolución GALICIA 2017-2021

Base: Empresas con conexión a Internet




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

4.4. TECNOLOXÍAS DISRUPTIVAS

4.4.4. CLOUD COMPUTING

COMPRA DAS SOLUCIÓNS DE CLOUD COMPUTING SEGUNDO CONDICIÓX XURÍDICA

Base: Empresas que usan Cloud Computing




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

As solucións de cloud computing máis destacadas entre os/as autónomos/as son: almacenamento de ficheiros (82,4%), os servizos de e-mail (72,2%) e os servizos de servidores de base de datos de empresas (60%).

4.5. CIBERSEGURIDADE

EMPRESAS CON MEDIDAS DE SEGURIDADE TIC SEGUNDO CONDICI3N XUR3DICA

Base: % sobre o total de empresas




Fonte: Elaboraci3n do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

O 49% dos/as aut3nomos/as galegos/as empregan medidas de seguridade TIC, sendo as m3is frecuentes o software actualizado (92,1%) e a autentificaci3n mediante contrasinal forte (76%).



TIPOLOX3A DE MEDIDAS DE SEGURIDADE SEGUNDO CONDICI3N XUR3DICA

Base: % sobre o total de empresas que empregan algunha medida de seguridade TIC



Fonte: Elaboraci3n do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE



5. CONCLUSIONES

5. CONCLUSIÓN

CARACTERÍSTICAS DO/AS AUTÓNOMO/A GALEGO



No ano 2021 hai en Galicia 133.789 autónomos/as, que representan o 6,6% do total dos/as autónomos/as de España.

A distribución por xénero é sensiblemente diferente en Galicia e a nivel estatal, cunha presenza relativamente maior da muller no colectivo galego. A fenda entre autónomos e autónomas en Galicia é de 16,4 puntos porcentuais mentres que a nivel estatal é case o dobre (27,8 puntos).

FORTALEZAS



Durante o ano 2021 incrementouse o uso de ordenadores entre traballadores autónomos/as nun 9,3% respecto ao ano anterior.

O 56,5% dos autónomos/as conta cunha velocidade de conexión a Internet superior aos 100 Mbps.

Crece un 44,3% a proporción de autónomos que venden por internet, ata o 8,8%

Aumenta un 58,1% a contratación de servizos de Cloud Computing, ata o 11,7%.

O 49% dos/as autónomos/as galegos/as empregan medidas de seguridade TIC, sendo as máis frecuentes o software actualizado (92,1%) e á autenticación mediante contrasinal forte (76%) .

DEBILIDADES



Só o 2,1% dos/as autónomos/as analizaron BIG DATA, sendo os datos xerados por redes sociais a principal fonte de datos de BIG DATA empregada.

O 6,2% dos autónomos/as galegos empregaron dispositivos interconectados que poden ser monitorizados ou controlados remotamente a través de Internet (o Internet das cousas), o que supón un 29,2% máis dende o ano anterior.

O 10,4% dos/as autónomos/as galegos/as empregan intelixencia artificial.

No ano 2021, a dispoñibilidade de páxina web experimentou un estancamento no caso dos/as autónomos/as (19,5%).



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA



OBSERVATORIO
DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN
E A MODERNIZACIÓN DE GALICIA



Xacobeo 21·22